

TRAXE GALEGO



O traxe en Galicia xurdiu como unha necesidade para protexerse do frío e, como todos os traxes tradicionais do mundo, agora amosa as características dun pobo: o galego.

Hai distintas clases de traxes tradicionais galegos:

- De cotío*¹ ou de faena*².
- De ir á vila, á feira ou o do domingo.
- De gala, para ir a unha celebración importante.

Existen diferencias entre os traxes usados para traballar ou para os días de festa e entre os usados no interior de Galicia ou na costa, pero podemos distinguir elementos comúns a todos eles. Algúns deses elementos son os seguintes:



*de cotío: de diario. Para todos os días.

*faena: traballo




Mira este vídeo que explica como é o traxe tradicional feminino:

ACTIVIDADES


1. Preme a resposta correcta:

- Cal é a finalidade orixinal do traxe?
 - a) Taparse do frío
 - b) Ir a traballar
 - c) Ir de festa
 - d) Ir á vila
- Cal cres que leva máis adornos?
 - a) O traxe de cotío
 - b) O traxe dos domingos

2. Arrastra o nome no debuxo



Cofia
Dengue
Saia
Mantelo
Mandil
Blusa



Cirolas
Chaleque
Calzóns
Faixa
Chaqueta
Camisa
Polainas

3. Colle a túa libreta, mira este vídeo e anota as prendas que se pon a moza. Despois escríbeas aquí. (non esquezas comas, puntos, dous puntos...).

A moza leva posto

4. Escoita este audio e debuxa no teu caderno o que describe.

5. Observa este debuxo e fai unha descrición oral de como vai vestida unha das dúas rapazas. Grávalo nun audio e mándamo ao meu correo.

